PRESENTACIÓN DA TERCEIRA EDICIÓN

Un ano máis, cumprimos co compromiso de que o *Manual de dereito administrativo* estea actualizado. Nesta terceira edición, son moi escasos os cambios respecto da edición precedente. Recolleuse a xurisprudencia máis relevante para cada lección, deuse conta dalgúns cambios na organización administrativa e incorporáronse algunhas modificacións legais. Entre as modificacións legais, aparentemente a máis relevante é a que afecta a Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa por medio da Lei orgánica 1/2025, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, que reforma a planta da xurisdición contenciosa.

En todo o demais, a estrutura do Dereito administrativo español mostra unha alta estabilidade, que sen dúbida garda relación coa ausencia de maiorías parlamentarias claras, tanto nas Cortes Xerais coma nas asembleas lexislativas das comunidades autónomas. Por suposto que ao longo do pasado curso académico se modificaron múltiples normas administrativas sectoriais, pero en liñas xerais os elementos básicos ou xerais do dereito administrativo quedaron practicamente inalterados.

En 2024, viu a luz a versión catalá do manual, dirixida por Agustí Cerrillo Martínez, co apoio da *Universitat Oberta de Catalunya* (UOC). Esta versión é accesible tanto a través da *Revista de Dereito Público: Teoría e Método*, no portal de revistas da editorial Marcial Pons, como a través do repositorio institucional da UOC. Grazas ao labor coordinador de Agustí Cerrillo, confiamos en que a terceira edición tamén poida ter a súa versión catalá.

Para o curso académico 2025-2026 tamén está en marcha unha versión galega do manual. Esta versión está a coordinala Diana Santiago Iglesias, da Universidade de Santiago, e participan nela tamén os profesores Alba Nogueira López, Carlos Amoe-

do Souto e Marcos Almeida Cerreda. A versión galega conta co apoio da *Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia,* e confiamos en que esta versión teña a mesma acollida favorable das versións castelá e catalá. Para os directores deste libro é unha satisfacción contribuír, mediante un modesto manual de Dereito administrativo, ao uso normalizado e indistinto das diferentes linguas de España.

Francisco Velasco Caballero

M.ª Mercè Darnaculleta Gardella